

OS MARCOS DA VIDA

Escrita e dirixida por: David Vázquez Nóvoa

Idea Orixinal: David Vázquez

PERSONAXES (por orde de aparición)

Carolina Elena Varela Jaspe

Mario Álvaro Vila Araújo

Xan Valentín Varela López

María José Beatriz Conde Piñeiro

Dani Xabi Rey Fernández

Dirección David Vázquez Nóvoa

ACTO I

1º Escena A herdanza

Salón. Mesa no centro. 4 cadeiras e unha mesiña ou cómoda con fotos decoran a estancia. Fondo negro.

(Sae Carolina detrás dela Mario).

Carolina: Xa che dixen que non Mario, non insistas. Que cona vou pintar eu á cidade aos meus anos? O meu sitio está aquí!

Mario: E que vas facer ti aquí soa?

Carolina: Pois ocuparme das leiras, da casa e da cuadra de cabalos que papá fundou e con tanto cariño a fixo medrar... Agora somos referentes na cría de cabalos en toda Galicia!

Mario: Si, se eu non cho discuto. Pero agora mamá e papá xa non están. Non tes porque seguir vivindo aquí, nesta aldea que ten máis animais ca veciños!

Carolina: Mira Mario a ti isto nunca che gustou. En canto puidiches marchaches estudar fóra (pausa) Ai que desgusto levou papá cando te fuches e lle dixeches que non te querías ocupar da cuadra e de todo isto! Estea onde estea aínda lle debe durar o desgusto!

Mario: Pero e que a min os cabalos non me gustan. Xa sabes que eu sempre fun máis de cacharros e de informática!

Carolina: Para o que che valeu... (despectivo)

Mario: Son director adxunto de Microsoft España. Se che parece pouco...

Carolina: Bueno, si, veña... (*un pouco desesperada*) A ver como imos facer co tema da herdanza.

Mario: Pois xa cho dixen, repartimos o que haxa no banco á metade e listo!

Carolina: Pero como que listo Mario? E as terras, a cuadra e a casa? Haberá que buscarlle solución.

Mario: Sí, vender todo, repartir á metade e que veñas comigo para a cidade... a casa é enorme, non nos encontramos se non queremos...

Carolina: *(Dá media volta e fai o amago de marchar)* Mira non, non vou marchar. Vouche dicir o que imos facer. Repartimos os cartos si, pero eu vou conservar todo o patrimonio que a mamá e papá lles custou tanto conseguir.

Mario: *(Encóllese de ombreiros)* Iso xa é cousa túa irmá. Se non te queres vir para a cidade...

Carolina: Por suposto que non! *(Digna)* E morra o conto.

Mario: Está ben. Pois se está todo arraxado eu marcho que María José xa me estará esperando.

Carolina: *(Pon mala cara)* Tente aducido... Nin un día podes pasar coa túa irmá...

Mario: Temos que ir facer unhas xestións e vannos pechar, prométoche que mañá pola tarde vimos e ves ao teu sobriño.

Carolina: Pero para ir a visitar ao seu pai non ten que ir facer xestións... Da igual... Non, mañá vinde pola mañá e xantamos todos xuntos, é o San Ramón e haberá que celebralo.

Mario: Pero hai dous meses que enterramos a mamá... Este ano non deberíamos celebralo.

Carolina: Que pensar máis antigo tes e iso que es de cidade! Mamá xa non está pero nós si, e temos que seguir coa vida. Iso é o que lle gustaría.

(Silencio)

(Abrázanse) Mario dálle un bico na cabeza a Carolina.

Mario: Está ben. Mañá a mediodía estamos aquí. Traemos algo?

Carolina: Non, non fai falla.

Mario: Pois veña ata mañá irmán.

Carolina: E ten coidado con esa que eu xa sei ao que ven!

Mario desesperado sae.

Queda Carolina en escea.

Carolina: *Saca o seu smartphone e chama por teléfono. Si, Aurelio! Mira resérvame para esta tarde un bo lacón e se tes marisco fresco tamén. Xa me paso agora por el. Vale. Adeús. (Sae)*

2º Escea. O avó.

Sae o avó. Xogando con Dani.

Xan: Si, si, ti dálle que é igual, xa che ganei.

Dani: Que non! Que teño que gañar eu!

Xan: *Ri desescaradamente.* Que mal perden ten vostede señorito.

Entra na sala María José.

María José: *(Apurada)* Veña Dani, recolle as cousas que nos imos que xa ven aí papá.

Dani fai o xesto de recoller as cousas.

Xan: Pero home xa vos ides? Pero se viñestes fai un anaco.

María José: Si, xa o sei papá, pero Mario xa rematou de falar con Carolina e agora temos que ir facer unhas xestións.

Xan: Sempre con presas! Os da cidade non pensades máis ca na hora!

María José: É o que ten o ter responsabilidades.

Xan: Responsabilidades... é a escusa que pos sempre pa marcharte... Mañá é a festa do San Ramón, porque non vindes pasar o día? A Dani seguro que lle gusta a idea, verdade?

Dani: *(Dando saltos pola sala)* Siii, eu quero vir, eu quero vir.

María José: *(Dubitativa)* Non sei o que dirá Mario, ó mellor ten moito traballo e non podemos ...

Xan: *(Interrompe á súa filla)* Sempre dependendo dos demais! E logo ti non tes carné pa vir onda teu pai celebrar a festa?

María José: Papá, non te poñas así... Xa sabes que me necesita ao seu carón... Non hai nin dous meses que faleceu Dona Amparo.

Xan: Ben o sei! Pero iso non é motivo para que non veñades ti e máis ou meu netiño mañá. El tamén está convidado, por suposto!

María José: Bueno xa veremos... A ver como lle foi con Carolina e xa miramos ben!

Xan: E como lle ía ir? Dígocho eu deseguida. De puta madre! El non quere a casa e as leiras e ela vai quedar con todo. Que teña coidado que non che é o que parece!

Entra Mario de súpeto.

Mario: Quen non é como parece?

Xan: Ai ola Mario! Estáballe a contar un chisme que se falou no bar do Isaías.

Mario: E que chisme era? A miña irmá tamén me acaba de contar unha....

Xan: Xa che contarei.. Vas escachar coa risa... Pero mira home, estáballes a dicir que mañá é o San Ramón e podíades vir aquí e comiamos todos xuntos. Que che parece meu rei?

Mario: Pois xusto iso me dixo miña irmá! E aceptei claro! Para un día libre que teño.. que mellor que pasalo en familia?

Xan: *Agacha a cabeza e amaga en saír da sala.*

Mario: Pero vostede tamén pode vir, a Carolina non lle vai importar nadiña. Onde collemos catro collemos 5.

Xan: Si?! E serei ben recibido na casa grande?

Mario: (Obvio) Pois claro que si, non diga parvadas...

Xan: Non sei eu... ultimamente anda algo ...

Interrompe María José

María José: Pois entón solucionado. Mañá xa nos vemos. Veña Dani despídete do avó.

Dani achégase ao avó.

Dani: Adeús avó, ata mañá!

Xan: Pero escoita nena, o rapaz pode quedar aquí comigo, mañá xa vindes e así aproveito para pasar tempo con el.

Interrompe Dani.

Dani: Sii, siii! Eu quero quedar co avó.

María José e Mario encóllense de hombreiros.

María José: Non, ten tarefas que facer.. ademáis papá ti non te arranxarías ben con el...
Xa tes unha idade...

Xan: Manda carallo! Teño unha idade para o que interesa... Non me dis teño unha idade cando levas as patacas ou as cebolas que precurei... ou cando é tempo de pementos e tomates que entón si que vinde a miúdo por eles.. (*Silencio*) Mira filla fai o que queiras.

María José: Non te poñas así papá, mañá velo e ademais traíoches unha sorpresa!

Xan: Bah!

Mario: Veña sogro, ata mañá!

Xan decepcionado dálles as costas e senta nunha cadeira.

Mario, María José e Dani saen de escena.

3º Escena. Reflexión.

Xan sentado nunha cadeira colle o libro que ten enriba da mesa. Pasa as páxinas sen sentido. Cabrease. Pecha o libro e levántase furioso.

Xan: Me cago na cona! Con 80 anos e tratánme de vello! O que hai que ver hoxe en día! Se son un mozo... ou non o vedes (*Dirixíndose ao público*) Home... a ver quen carallo precura as terras... Mato o lombo pa colleitar patacas, pementos, tomates, xudías, leitugas... e xa non me lembro de máis porque son tantas cousas

Boh! Esta xente nova... hai que deixalos xa se darán conta cando eu falte, que por outra parte non queda moito... os anos son os anos

E bueno teñome que deixar de tanta leria que con este sol que fai terei que ir regar a horta ... E maña pola maña cedo vou coller tomates, pementos, leitugas... mmm que rica vai

quedar a ensalada... xa se me fai a boca auga... e bueno tamén terán que levar mercancía para a cidade... Se no fondo o fago por eles que eu ganas de traballar ningunha!

Sona o teléfono. Descolagao.

Xan: Como anda patrón! Si, si Pero como é iso? Non, non eu non sei nada ... Vale, pois vou agora mesmiño ao bar do Isaías e cóntasme... Veña ata agora.

Colga.

Xan: Parece mentira! Isto xa é de tolos! En pleno 2021! Que caradura ten! Que mo faga a min se se atreve... comigo non xoga! Vai ver!

Sae de Escena.

TRANSICIÓN.

II ACTO

1º Escena. Mario e María José.

Mario e María José preparándose para ir comer con Carolina e máis con Xan.

Mario mírase nun espello e coloca ben a camisa.

María José ao seu carón pídelle que lle suba a cremallera do vestido.

María José: *(De costas a Mario)* Por favor cari, pódeme abrochar á cremalleira? Non lle chego ben.

Mario: *(Mira para ela)* Si, claro. A ver ... Xa está.

María José: Grazas amor. Unha cousa, cres que foi boa idea xuntar a meu pai e túa irmá? Xa sabes que nunca se levaron demasiado ben, e iso que son veciños de toda a vida!

Mario: *(Dubida)* Que queres que che diga? Non sei ... Pero o que si creo é que teñen que deixarse de lérias dunha vez por todas! Lles guste ou non somos familia...

María José: Xa o sei, pero... é complicado ... Túa irmá é moi terca e ben sei que nunca me soportou e tampouco a vosa nai. Dona Amparo nunca me puido ver ... Non cho dixen ata agora, pero eu dábame conta.

Silencio.

Mario: Miña nai era moi súa... A Carolina nunca lle aceptou un mozo...

María José: *(Sorprendida)* Pero a túa irmá tivo mozo algunha vez? *(Ríndose)*

Mario: Pois si! *(Facéndolle a burla)* Aínda tivo máis mozos ca min....

María José: Home iso espero!

Mario: *(Fai que se vai)* Veña non digas parvadas! Xa sabes ao que me refiro!

María José: *(Faiille gracia)*

Mario: O que pasa é que levaba todas as súas relacións en secreto, tíñalle medo ao que dirían meus pais... Xa sabes que eran moi estritos!

María José: *(Suspira)* Si ho! Eu nunca casaría contigo de non se polo que foi

Mario: E hoxe fai sete anos, lémbraсте? Quen nolo ía dicir daquelas.... *(Soñador)*

María José: *(Soñando)* Pois si.... que recordos... Nunca pensamos que íamos ser tan felices...

(Silencio)

(Achéganse e dánse un bico) (Xesto cariñoso)

Mario: Estás lista entón? Pois chama a Dani e vámonos.

María José: Dani! Dani! Vámonos!

Entra Dani en escena vestido de Ninja

Dani: HIAAAA! *(Patada cara Mario)* Xa estou listo para vencelos a todos!

Mario rise María José queda patidifusa.

María José: Daniel por favor! Aínda non te vestiches? Xa non chegamos ao vermú da tía Carolina!

Dani: Pero eu quero ir de Ninja! Onte prometínlle ao avó que xogaríaa con el!

Mario: *(Facendo esforzo por non rir)* Veña, déixao! Se total non sairemos da casa en todo o día...

María José: Pero... Pero é o día da festa! Como vai ir disfrazado!

Mario: Faille ilusión... este ano non podemos celebrar o entroido... Ademais que non lle fai mal a ninguén!

María José: Mira, só porque facía tempo que non te escoitaba rir tanto vouno deixar! Pero levamos outra muda, vale Dani?

Dani: *(Dando saltos de alegría)* Vale, vale!!! A ver vámonos, vámonos papá!

Mario agarra a Dani por un brazo, María José colle o seu bolso e agarra a Dani polo outro brazo e saen de escena.

2º Escena. Sesión Vermú

Sae Carolina a Escena, ben vestida, cun mantel e un cesto con vasos e botellas.

Pousa a cesta. Estira o mantel e pono enriba da mesa. Colle a cesta pona enriba e coloca os vasos e as botellas de vermú. 1 Coca Cola para Dani. E algo de picar.

Todo isto mentres canta a Saia da Carolina, alegre.

Carolina: *(Repasando todo)* A ver, a ver 4 vasos, vermú tinto, vermú branco, limóns, as patatiñas e aceitunas e a Coca Cola de Dani! Pénsome que está todo... *(dubidando)* Mmm.. non, non me esquezo de nada.

Bueno pois isto está listo! Vou á cociña e remato de preparar o xantar...

Ding, Dong! Sona o timbre

Carolina: Ah, xa están aquí! Si que se deron presa hoxe... *Sae de escena para abrir a porta.*

Entra Mario detrás Carolina e Dani.

Mario: Moi bos días irmá, que tal?

Carolina: Pois moi ben! Pero oíches como traes o neno vestido deste xeito! Un pouco de sentidiño que é o día da festa!

Dani: Eu quero xogar aos ninjas! Non me vou cambiar! Hiaaa!

Mario: Deixa ó neno que xogue como queira, María José tráelle outra muda no coche.

Carolina: Bueno bueno... eu non digo nada...

Mario: Xa dixeches, xa...

Carolina: *(Nega coa cabeza)* E falando da túa querida esposa, onde está?

Dani: Foi buscar ao avó, logo xogamos os 3 aos ninjas a que si tía Carol?

Carolina sorpréndese.

Carolina: Si meu rei, vai arriba e ves a tele en canto rematamos con isto, si?

Dani: Valeee!!!! *Sae de escena.*

Carolina coloca cousas da mesa. Separa vasos, coloca o mantel...

Mario: Axudocche en algo? Tes case todo a punto polo que vexo...

Carolina: Non, non. Xa axudaches bastante! Como carallo non me dis que convidaches ao teu sogro?

Mario: Íacho dicir agora muller, non te enfades.

Carolina: Non enfadada non estou, estou moi decepcionada!

Mario: Que dramática es! Nin que matase eu a alguén!

Carolina: A min estasme a punto de matar dun desgusto! Calquera día atópanme morta en calquera sitio!

Mario: Ai por favor Carolina! Como che gusta o teatro!

Carolina: *Enfadase. Pon as mans na cadeira e da media volta.*

Mario agarra a Carolina e non deixa que saia de escena.

Mario: A ver que é o que pasa? Ía falar agora contigo pero Dani adiantouseme, pódочe explicar.

Carolina: Fai o que queiras, é o que sempre fas...

Mario: Veña irmá... Non me fagas perder a paciencia... Onte Don Xan ...

Carolina: *Interrompe.* De Don nada... Xan a secas.

Mario: (*Suspira*) Como queiras... O caso é que nos quería convidar a todos a xantar alí, na súa casa e eu díxenlle que viñera con nós, que xa nos convidaras ti primeiro.... Esa é a historia...

Carolina: (*Máis calmada*) Pois menos mal que non fostes a casa de Xan... aquel tugurio... enfin... e traédelo aquí coma se nada Alucino chaval!

Mario: Xa está Carolina. El está so e tamén ten dereito a desfrutar da familia... Non lle fai mal a ninguén.

Carolina: A min si coa súa presenza!

Mario: *Nega coa cabeza....* Pódese saber porque tanta gresca entre os dous? Xa fai anos e anos do da ... *Non se lembra.* Do da...

Carolina: Do da Veiga! Si da Veiga! Mamá nunca llo perdoou e se ela non o fixo eu tampouco!

Mario: *Mirando ao público.* Cousas da aldea, xa sabedes!

Ding, dong! Soa o timbre.

Carolina: abre ti que eu vou á cociña rematar de facer o xantar.

Carolina sae diante enfadada e Mario detrás.

3º Escena. Pai e filla.

Entran no salón de Carolina.

Xanponse un vermú e senta nunha cadeira, mirando ao público.

Xan: Eu non sei que fago aquí, se non me pode nin ver a túa cuñada! (*Entre dentes*) E eu a ela tampouco.

María José: Que dis papá?

Xan: Non, non, nada filla, pensaba en alto.

María José: Imos facer por levarnos todos ben, de acordo?

Xan: Xa veremos... que co que me dixeron onte non sei eu se poderei arranxalo con esta bruxa do demo!

María José: *Asustada.* Papá por favor! Aos teus anos e con estas pamplinas...

Xan: Non son pamplinas ningunhas... Se che conto o que me dixo Paco onte no bar do Isaías non a defenderías tanto! *Bebe do vermú.*

María José: *Mira para o seu pai.* E logo que che dixo? *Curiosa.*

Xan: Ai agora queres sabelo eh! Pois ven ven, achégate non nos vaian oír dende a cociña!

María José: A ver con que conto me ves agora papá...

María José achégase a Xan e este levántase e ponse de pe co seu vaso de vermú.

Xan: Resulta que onte foi o Paco onda o Luís e díxolle que na Lagoa, naquel lameiro que ten cheo de castaños, alí cerca da Veiga...

María José: Si, si. Xa sei onde dis papá, vai ao gran Xan!

Xan: Pois que seica se atopou con un marco movido de sitio e outro non o atopou!

María José: Pois vaia cousa! Normal que non os atope, coa maleza que hai agora en todos lados... E mover puido movelo calquera máquina que pasase por alí ou eu que sei.

Xan: Nooon (*Negando tamén co dedo*) Esa leira linda coa da túa cuñada... Pregúntalle a ela a ver quen foi!

María José: Non digas tonterías papá, como ía ser Carolina!

Xan: Ah se eu non digo que fose ela, eu digo que o mandou facer, xa sabes que non lle gusta ensuciar as mans...

María José: *Fai un xesto de desesperación.*

Xan: É verdade carallo! Como vou a desconfiar de Paco!

María José: *Suspira.* Vale, e aínda que fose verdade, a ti que máis che da! Son cousas deles que o arranxen. Ti non me metas en nadiña. Caladiño como...

Xan: (*Interrompe*) Si como as putas! Érache o que me faltaba.

María José: Non quería dicir iso!

Xan: Xa, xa...

María José: Veña deixa isto e toma o vermú! Acercoche algo, que che apetece?

Xan: Pero vamos a ver filla, ti non sabes que ao outro lado da leira da Carolina temos nós a antiga granxa? E se nos foi quitar tamén os marcos? Temos que ir mirar ben.

María José: Ai ho! A antiga granxa... cantos anos fai que non vou por alí! Estará todo cheo de toxos e de silvas!

Xan: Diso nada señorita! Está todo limpiño e aínda che digo máis alí é onde boto o millo para as galiñas! Que non me quite a min metros que a colgo do carballo do souto eh!

María José: (*Bota as mans á cabeza*) Pero como vas ti só limpar a leira da granxa? Que pasa que non che chega ben co que tes que facer na casa e na horta?

Xan: Non desvíes o tema que non estabamos a falar diso. Dígoche que temos que ir mirar ben se os marcos seguen no seu sitio...

María José: Déixate de marcos e de caralladas... Agora as leiras non valen para nada, deixa que mova o que queira se ela é feliz así...

Xan: Pois se non valen nada non as quererás cando eu morra...

María José: So dan traballos e dores de cabeza coma este. Olvídate do asunto...

Xan: Non me esquezo, non... Se non é hoxe vai ser mañá pero ir vou ir á granxa comprobar ben as cousas...

Entran Carolina e Mario na sala.

4º Escena. Non movas os vasos.

1º Cuadro

Entra Carolina con unha bandexa e déixaa enriba da mesa.

Carolina: Moi bo día Xan, (*Con ironía*) vexo que anda igual de ben ca sempre... Por vostede non pasan o tempo...

Xan: O tempo pasa pa todos (*Sinala a Carolina*)

María José: Oe Mario e Dani onde anda?

Mario: Foi arriba ver a tele, queres que o chame?

María José: Non, se está tranquilo déixao, xa o avisamos para xantar.

Carolina serve os vermús.

Carolina: Vexo que Xan xa se serviu, moi ben

Xan quere achegarse a Carolina.

Interrompeo María José.

María José: Servinllo eu. Tiña sede e por non ir á cociña pois...

Mario: Fixeches ben muller. Vos coma se estiverades na vosa casa.

Carolina: Enton que me contas cuñada? Todo ben na cidade?

María José: Moi ben si, con moito traballo pero ben grazas a Deus.

Carolina: Xa se nota xa, que non hai quen vos vexa o pelo.

Interrompe Xan

Xan: Si ho! Dígocho eu! (*bebe outro grolo*)

Carolina: Vaia, parece que por unha vez estamos de acordo en algo. (*Sérvese un vermú*)

Silencio. Xesto de desaprobación de Xan.

2º Cuadro.

Mario: E enton como van as leiras irmá? Hai boa colleita este ano?

Carolina: *Bebe.* Bueno... Non me podó queixar... tomates e pementos hai de sobra, pero as patacas... xa vai sendo hora de recollelas, xa lles está secando a rama....

Mario: Pois vimos nós axudámosche, que che parece?

Carolina: Non, non fai falla! Chamo ao Ramón e el mesmo se encarga de todo, de feito aínda foi nesta semana arrincar e sachar algo na Lagoa, seica parecía aquilo un monte! Nin que estivese abandonada!

Mario: E logo que tes plantado na Lagoa este ano? Pensei que alí xa non ías...

Carolina: E non vou a ir coa boa terra que é! Si ho! Pois alí puxen as cebolas e algún allo. Ás cebolas tamén lle está chegando a súa hora...

Mario: Vaia! Pois a ver que colleita temos! Eu insisto, que che veño axudar sen problema...

María José: Claro! Un sábado ou un domingo malo será que non teñas libre, non amor?

Mario: Claro!

Xan: Iso! *Entre dentes.* Ao teu pai non o axudar pero a túa cuñada si.

Carolina: Que di Xan? Que me quere vir botar unha man? Mire que os anos sonlle os anos...

Xan: Nin que ti foras moito máis nova ca min....

Carolina: Home, algo si, ben salta á vista *Gústase a si mesma.*

Quedan todos asombrados coa actitude de Carolina menos Xan.

Xan: Se non fosen outras cousas...

Carolina: *Desenfadada.* Ah, e que cousas se se pode saber?

María José: *Interrompe.* Pero escoita Carolina, que de verdade che vimos axudar, cando queres coller as cebolas e as patacas? *Mira para o pai.* E a ti tamén papá, prométocho.

Carolina: Pois.... en quince días máis ou menos haberá que comezar. Pero non vos preocupedes, xa estou acostumada a facelo eu soa, coma todos os anos... Chamo ao Ramón e seguro que ven botarme unha man Paco, sempre vén.

Xan: Si, ao pescozo... porque como te pille... *Entre dentes.*

Carolina: Que dixo Xan que non o escoitei ben?

Xan: Nada nada, o Luís linda contigo na Lagoa, verdade?

Carolina: Si e vostede tamén. Arre demo para o millo que ten este ano. Que vai facer con tanto? *Acaba o vermú.*

Xan: Non te preocupes que as galiñas han de comelo todo.

Carolina: *Achégase á mesa. Apártalle a copa de Xan e sérvese outro vermú.*

Xan: Non me toques o vaso! Ben sei que che gusta mover nas cousas.... *Agarra o seu vaso con furia.*

María José: *Cabreada.* Papá por favor!

Carolina: Que di Xan? Que me gusta mover as cousas? Non o entendo.... *Faise a tonta.*

Mario: *En ton desenfadado.* Iso, iso! Que dixo Xan? Non será o que me ía contar onte que se dixera no bar do Isaías....

Xan vese apurado pola situación. Desabotoa o primeiro botón da comisa.

María José faille un xesto cortante a Mario. Non quere que siga por aí a conversa.

3º Cuadro

Carolina: Pero a ver Xan, non se me quede agora así de cortado... Explíquese. *Sérvese o seu vermú e dálle un grolo.*

María José: Boh! Déixao Carolina, non lle deas importancia... xa sabes que ao ir maiores...

Xan: *Levántase da cadeira. Mira para a súa filla.* De maior nada nena, ti ben sabes ao que me refiro. Queres sabelo ti *senalando a Carolina.*

Carolina: Pois claro que quero!

Mario: Si, eu tamén sogro!! *Coa intriga no corpo.*

Xan: Non debería facer falta explicarcho. Es igual ca túa nai *(pausa)* Igual de mala bicha.

Mario: Escóiteme! A miña nai xa sabemos como era, pero non fai falla faltar desta maneira e menos cando hai 2 meses que faleceu.

Carolina: Non es ninguén para meterse con miña nai! *(Pausa)* Que Deus a teña gloria.

Xan: O feito feito está Carolina, ti ben sabes polo que o digo! E ti saíches igual ca ela...

María José: *Interrompe. Agarra ao seu pai polo brazo intentando quitalo do salón.* Veña papá estás moi alterado, vámonos para casa.

Xan: *Déixame.* Agora non me vou ata dicirlle a esta un par de cousas ben ditas.

O ton da discusión vai en aumento. Carolina xa está negra.

Carolina quita o mandil e tírao ao chan.

Carolina: Pois veña, diga o que queira. Aquí estou para escoitalo encantada!

Xan: Vai a Lagoa ver o que fixeches e así escuso eu dicirche nada.

Mario: Á Lagoa? E logo que pasou?

Xan: A túa irmá ben o sabe! Ben se nota que es filla de quen es carallo!

Mario: Oia que eu tamén son fillo dos mesmos pais!

María José: Estaste pasando papá! Deixa o asunto e imos comer tranquiliños.

Carolina: Non, non. Quero escoitar o que supostamente fixen na Lagoa! Ata que o escoite eu non sirvo a comida.

Xan: Non fagas o parvo Carolina que ti e máis eu coñecémonos ben....

Mario: A que se refire con...

Carolina: *Interrompe.* Eu non me estou facendo a parva. E que de verdade non sei de que me fala.

Xan: E logo non moviches os marcos da Lagoa? Todo se herda me cago na cona! Ata as costumes!

Mario: *Intenta entrar na conversa. Non se decata de nada.* Pero de que fala Xan?

Carolina: *Interrompe.* Eu?

Xan: Si, ti mesmiña. Iso é o que se comentaba onte no bar do Isaías!

Carolina: E vaille facer caso ao que se comenta alí? Se inventan máis ca falan!

Xan: Claro que fago caso, porque sei como es! Agora mesmiño vou a ir comprobar que non moveras os do meu lado porque senon...

María José: Senón que papá! Por favor ven aquí, que é un puñado de terra nada máis!

Xan: Non, non agora vou comprobar cos meus ollos os meus marcos. Máis che vale que non mos moveras.

Carolina: E se os movín que Xan? Vasme facer algo? Xa sabes que comigo non xogas! Teño que demostrarcho outra vez?

Mario: *Volve a interromper.* Pero como que outra vez? De que falas irmá?

María José: Papá! Papá!

Xan: O teu pai vai á Lagoa!

Sae Xan pola porta. Escoitase un portazo.

Carolina: Vaia onde lle saia do carallo! *Faille un corte de mangas*

Mario: Carolina!

5º Escena. Tensión final.

Silencio. Música de tensión. Míranse todos, uns a outros.

Mario: Irmá, que acaba de pasar?

Carolina: Xa o viches! O vello ese que cree todo o que din os borrachos do bar...

María José: Non lle faltes ao respecto a meu pai...

Carolina: Que non mo faltara el a min antes... Vaia barbaridades que dixo. É mellor que marchara.

María José: No, se agora inda a habemos ter ti e máis eu!

Mario: Por favor, por favor, serenidade! Que é o día de San Ramón!

Carolina e María José: *As dúas á vez.* O carallo 29!

Mario quédase sorprendido. María José e Carolina dánse as costas.

Mario: Vou chamar a Dani e imos comer, xa é algo tarde.

María José: Si, vai chamar a Dani pero eu voume para a casa de meu pai!

Carolina: Marcha, marcha! Xa non sei nin porqué viñestes.

María José: Pero ti de que vas? Unha cousa é meu pai e outra son eu! Non che fixen nada de nada, asique caladiña.

Carolina: Caladiña se me da a gana!

Mario: *Intervén.* Déixao xa amor! Teñamos a festa en paz.

María José: Eu? Pero que fixen eu?

Carolina: Fixeches moito bonita!

Mario: *Enfadado e serio.* Carolina xa!

Carolina: Dime que non ti tamén!

María José: Isto xa é un cachondeo, estoume fartando Carolina!

Carolina: Eu eu levo farta de ti e de teu pai moito tempo! Entrastes na familia para quedar con todo, pero mentres eu viva non ides ver nin un can!

María José: Pero que di agora a tola esta? Mario controla a túa irmá!

Mario: Eu non teño que controlar a ninguén. Deixade o tema e se non lárgome!

Carolina: Trincaches a meu irmán, pero eu me encargo de que non te saias coa túa querida!

María José: Agora si que me largo! Non aguanto estas insinuacións Carolina! De ningunha maneira. *Acércase ás escaleiras.* Dani! Dani! Baixa que nos imos cariño!

Carolina: E agora queres levarte ao meu sobriño! El non ten culpa de nada, déixamo desfrutar!

María José: Para que saia coma ti, nin tola Carolina! Hoxe sobrepasaches os meus límites!

Mario: Deixa ao neno mentres vas con teu pai. Logo levo eu.

María José: Claro, entón é meu pai quen non desfruta do seu neto. Estou farta, moi farta de todo isto! Non sei que vos pasa a meu pai e a ti, pero mentres non se arranxen as cousas eu non piso máis este pobo! Danii!!!

Carolina: Que é un aproveitado, igual ca ti!

Aparece Dani.

Dani: Pero que pasou aquí? Escoitábanse os berros e iso que tiña a tele a todo volume!

Mario: Nada fillo, ímonos para casa, vale? Recolle as cousiñas.

María José: Iso, vámonos. *Sae de escena ela con Dani.*

Mario mira a Carolina.

Mario: *Serio.* Xa falaremos irmá.

6º Escena. Reflexión Carolina.

Quédase soa no salón. Empeza a recoller os vasos. Para. Séntase nunha cadeira.

Carolina: De verdade ... Vaia día de San Ramón ... Se vivirán papá e mamá... non deixarían que sucedese todo isto. *Chora.*

Carolina: Pero quen cona se pensa Xan que son para acusarme de tales cousas! Agora mesmo se o teño diante desfaríalle a cara!

Érguese.

Todo o mundo pensa que son un becho! Que son igualiña a meus pais, que Deus os teña na gloria! Eran moi estritos sabedes? De boa familia, con cartos, sempre nos educaron nuns valores moi férreos, pero non eran malos, non, estou segura!

Coméntase que mamá si moveu algún marco que outro, sobre todo nas Airas, onde temos a cuadra para facer máis grandes as terras, pero nunca se chegou a demostrar! *Enfadada.* E agora volven co conto pero comigo! Estou farta! Farta da xente desta maldita aldea, non saben máis ca laretar o que non saben! E vai Xan e failles caso... Coma se non me coñecera ben!

Eu non fixen nada, vós credesme? *Mirando ao público.* Non sei como foi a cousa, pero vou dar co que se inventou o conto. Iso seguro.

Terei que recoller isto e ... bah, nin ganas de comer teño...

Recolle.

A Xan quérolle moito. Ao final non puido ser polo de sempre... Meus pais... Sempre tiven ese xugo, pero eran as persoas que máis quería na vida, que ía facer se non?

Arrepíntome si. Pero auga pasada non move muíños. So podo volver comezar todo....

III ACTO

1º Escena. Mario e María José con Dani.

Mesmo salón. Mario quita a chaqueta, déixaa enriba da mesa.

María José colle o pelo nunha coleta mal feita.

Silencio absoluto.

Dani: Que vos pasa? Porque non vos falades?

Míranse os dous. Silencio.

Dani: É pola miña culpa?

Silencio de novo.

María José: Non meu sol, ti non tes a culpa de nada ...

Mario: Cousas de maiores Dani. Non tes de que preocuparte.

Silencio.

Dani: Pero eu non quero ver a mamá e papá así...

Mario: Tranquilo, pronto o falamos vale?

María José: *Achégase ao neno. Dálle un bico.* Porque non vas xogar, si?

Dani asinte. Sae de escena.

Mario: Xa me dirás que facemos. Non podemos seguir así, sen falarnos ... Dani está preocupado.

María José: Pensas que a min me gusta esta situación?

Mario: Quen dixo iso?

María José: Estou moi doída co que dixo e insinou a túa irmá de min! Moito! Non o poderei esquecer tan facilmente.

Mario: E ela está doída co que fixo teu pai

María José: Pero e que eu non teño nada que ver con meu pai para que me dixese o que dixo. No fondo pénsao dende fai moitos anos, verdade?

Mario: Teu pai portouse mal.

María José: Non me vas responder á pregunta?

Mario: Que pregunta? Eu non sei nada....

María José: Si o sabes. Túa irmán cóntache todo...

Mario: Isto non.

María José: Estou intentando solucionar isto Mario, pero preciso saber se é o que verdade pensa de min. Vasmó dicir?

Mario: Ela non pensa así, xa sabes que meus pais...

María José: Non volvas por a escusa de teus pais.... Por moi estritos que foran ela era maior para ter o seu propio pensamento...

Mario: Non é un escusa, é unha realidade! Ela quedou con eles e pegáronselle moitas cousas ...

María José: Con iso que me dis? Que túa irmá pensa que son unha aprobeitada? Que me quedei embaraza para collerte polos huevos? Veña cona!

Silencio.

Mario: Eran o que pensaban meus pais... Pero ...

María José: Non digas máis! Estou farta desta familia! Sempre me trataron coma se non valesse un can, desprestixiándome e facéndome de menos... pensei que túa irmá era diferente... Eu con isto non podo!

Mario: Que queres que faga? Que non volva ter relación con miña irmá? Non podo facer iso.

María José: Estás facendo o mesmo ca ela. Non desligarte nunca do que che fai mal!

Mario: E ti desligaste de teu pai?

María José: *Moi enfadada.* E logo que carallo che fixo meu pai se sempre te tratou coma un rei!

Silencio. Entra Dani.

Dani: Pero volvedes a discutir?

Mario: Non cariño, estamos arreglando as cousas.

Dani: Pois non o parece. Imos xogar aos ninjas e xa está! Hiaaaa! *Dálle a patada a súa nai.*

María José: Imos agora meu sol. Espera 5 minutos.

Dani: Pero estades enfadados? Eu pensei que era a tía Carolina e o avó Xan quenes pelexaran ...

Silencio.

Mario: 5 minutos e imos, vale Dani? Espéranos fóra no xardín.

Sae Dani de escena.

María José: Mira o fillo que temos Mario....

Mario: É para estar orgullosos.

María José: *Mirando ao público.* Ás veces os nenos dannos leccións de vida. Ten razón, nós non estabamos enfadados.

Mario: Non, era Carolina e máis Xan os que teñen que solucionar o problema.

Achéganse. Abrazo cariñoso.

María José: E eu teño unha idea para que o arranxen.

Mario: Si? Cal?

María José: Logo cóntocho. Agora imos xogar con Dani.

Saen de escena.

2º Escena. Xan e os marcos da Lagoa.

Entra Xan en escena, canso e ata algo fatigado.

Xan: Carallo que paliza me peguei hoxe! Preciso beber algo. *Colle un vaso de auga que hai encima da mesa e bebe.*

Xan: Nioo, como presta! *Séntase*. Hai que ver a que se armou hoxe ... A verdade é que non me portei moi ben con Carolina, verdade? *Mirando ao público*. Boh! Son un estúpido! *Pausa*.

Os meus marcos non estaban movidos ... *Agacha a cabeza*. Pero os do Luis si! Como me dixo Paco, un non o ten e outro está movido uns 3 ou 4 metros... O que fai esta muller por un puñado de metros máis que hoxe non valen para nada... Só para traballos...

Terei que estar atento á miña Leira, aínda que non creo que se atreva a nada despois do de hoxe, deixeiille moi claro que comigo non se xoga cona! *Bebe algo de auga*.

Levántase da cadeira.

Ai Carolina, Carolina ... *Soñador*. Como chegamos a isto... Boh! Ben o sei... Teremos que deixar de facernos mal ... o pasado pasado está, pero nunca é tarde para cambiar. Aínda que sexa aos meus anos! Non vos parece?

Sona o teléfono móbil

María José: *VOZ EN OFF*. Papá, como estás?

Xan: Ben filla, ben. Fun ver os marcos da granxa e non están movidos, pero os do Luis si...

María José: Iso agora é o mesmo. Que che parece se mañá vou por aí e imos ata a granxa? Fai moito tempo que non vou...

Xan: Filla! Pois claro!! Ven claro! Acórdaste cando iamos ti, mamá e eu ata alí atender aos porcos? Non sabes o que voto de menos aquilo.

María José: Eu tamén! Mamá estanos a acompañar dende onde estea e seguro que lle fai ilusión que volvamos alí os dous xuntos...

Xan: Miña reina... Mañá entón espérote aquí e imos dando un paseo. Que che parece?

María José: Xenial papá. Ata mañá. Quérote moito.

Xan: E eu a ti.

Colga o teléfono.

Xan: Esta filla miña. Canto a quero... E agora voume ir deitar porque estou... derreado.

Bota as mans aos riles.

Sae de escena.

Noite. Música nocturna. Amanece. Música de amencer.

3º Escena. Xan e María José con Dani.

Entran pola porta Dani e María José.

Dani: Avó, avó!! Xa estás listo? Avó!!

Sae Xan polo outro lado.

Xan: Mira a quen temos aquí! Non sabía que viñas pequecho! Que tal?

Dani: Ben avó. Xa non estás enfadado ca tía Carolina?

Silencio. María José fai un xesto de aprobación.

Xan: Non te preocupes por iso. Non ten importancia!

María José: Veña Dani, dálle a man ao avó que imos ata a granxa, si?

Dani: Si, sii!!!

Saen de escena.

4º Escena. Mario e Carolina.

Sona o timbre da casa.

Carolina: Quen será?

Carolina sae a escena, e vai abrir.

Carolina: voz en OFF. Pero que fas aquí?

Mario: Viña ver como estás despois do de onte.

Carolina: Pasa, pasa.

Entran en escena.

Mario: Ti me dirás... *Encollido de ombreiros.*

Carolina: De que?

Mario: Home, despois do de onte... Non sei, como estás?

Carolina: Ah, ben, ben. Nada do que diga ese home me afecta... son contos que escoitou no bar... E voulle facer eu caso ó que diga esa chusma.

Mario: Carolina, para. Ti non es así. Ti non es coma mamá. Non es estrita, nin ambiciosa nin actúas por egoísmo. Todo o contrario, es doce, amable, con gran corazón! Porque escondes o que realmente es?

Carolina: *Senta nunha cadeira. Chora.* Ti non sabes o que é ter que coidar de todo isto, ocuparse das fincas, da casa, da cuadra ... Estar ao tanto de todo e pendente de pagarlle aos obreiros, supervisar as tarefas... e inda por encima o machaque que foi ter a papá e mamá na casa coidándoos e facéndolles todo.

Mario: Díxenche que eu te podía axudar ou que se buscaba unha residencia.

Carolina: Pero quería coidalos eu. Eran a miña vida!

Mario: A túa vida está aí fóra. Esquécete destas catro paredes e comeza a vivir agora que podes, sen xugos, sen ninguén que te xulgue ou che pida explicacións do que fas ou o que non fas. Vive Carolina vive!

Carolina: *Seca as bágoas. Mira a Mario con cariño.*

Mario: Non te vou xulgar, pero eu tamén tiven que fuxir desta casa para facer a miña vida. Nunca quixeron a María José, casamos porque quedou embarazada e non me arrepinto de nada, é o amor de miña vida. Sen embargo se me houbese quedado no pobo nunca podería vivir todo o que vivín. *Mirando ao público.* Temos que vivir as nosas vidas sen medo, sen importar o que dirán, porque se nos equivocamos, levantámonos, aprendemos e seguimos para diante. Vivir é caer e levantarse. *Mira a Carolina. Levántate.*

Carolina levántase e dálle un abrazo a Mario.

Mario: E agora vasmе contar porque vos levades tan mal Xan e ti.

Carolina: *Rise.* Por non vivir Mario. Por non vivir.

Mario: *Sorprendido.* Como?

Carolina: Todo comezou fai máis de 20 anos nunhas festas do San Ramón... Botamos un par de bailes, fomos tomar algo xuntos e... non sei que pasou que acabamos na cuadra os dous sós ...

Mario: *Sorprendido aínda máis.* O que? Non poder ser irmanciña ...

Carolina: Si, si que o é. Estivemos de noivos un tempo. El era viudo e eu estaba solteira... como agora... E bueno foi pasando o tempo ata que papá nos pillou unha tarde na casa vella. Aquela que tiñamos no Outeiro...

Mario: Si, si xa me lembro. E que pasou?

Carolina: Non sabes como se puxo. Xan non era o suficiente bo para min, que se estaba viudo, que se tiña unha filla... en fin Mario, que che vou contar que non saibas de papá.

Mario: E ti que fixeches?

Carolina: Xan quería seguir. Estaba moi namorado de min, pero eu tiña medo. Medo de vivir, de fuxir, de irme con una man diante e outra detrás... Non quería irme da casa desa forma ... eu quería e quero moito a papá e mamá... e escollín quedar.

Mario: E Xan enfadouse.

Carolina: Non só se enfadou, doeulle tanto que nunca máis me falou, ata que fomos familia ...

Mario: Increíble! Por iso hai tanta rabia e tensión entre vós.

Carolina: Si... *Volve sentar.*

Mario: Pero tendes que arranxalo.

Carolina: Como?

Mario: Ven, eu sei como facelo. Acompañame.

Carolina levántase e saen de escena.

5º Escena. Na casa de Xan.

Entre o público camiña Xan, María José e Dani.

Xan: Ai carallo! Os anos non axudan! Eu antes facía este camiño todos os días coma unha rosa e agora mírame.

María José: Pero se estás feito un mozo.

Dani: *Dálle unha cachetada.* Iso avó!

Xan: Aiii!! Que forza tes animalciño!

Xan: Veña que xa chegamos. Gustouvos o paseo?

María José e Dani: Encantounos.

María José: Haino que repetir máis veces.

Dani: Mañá volvemos avó!

Xan: Ai mañá déixame descansar

Entran en escena. Xan senta nunha cadeira.

Sona o timbre.

Xan: Abre ti filla, eu estou esgotado.

María José vai abrir e entran Carolina e Mario.

Xan: Pero que cona fai esta aquí!? Sae da miña casa ... que non está a altura...

Mario: Tranquícese sogro. Vimos amañar as cousas. Verdade Carolina?

Carolina: Si... que remedio ...

Xan: Ui, que carallo. Como empecemos así mal imos!

María José: Veña papá, cala. Deixa que Carolina se explique.

Xan: Non, quen teño que explicarme son eu. Onte porteime moi mal. Perdoade por amargarvos a festa do San Ramón. É certo que os marcos do Luís están movidos pero os meus non, así que o meu comportamento non ten escusa ningunha.

Carolina: Movidos os marcos do Luís, pois non sei como Xan, de verdade que non...

Sona o teléfono de Carolina. Descólgao.

Voz en Off: Ola Carolina! Son Carlos, o que che vai precurar as terras.

Carolina: Ah si, ola dime!

Carlos: Mira que seica se anda a falar no bar do Iasaías que moviches uns marcos...

Carolina: *Enfadada.* Si, algo escoitei. *Mirando a Xan de reollo.* Espera que poño os manos libres.

Carlos: Mira ho! Lembras cando che fun preparar as terras pas patacas non? Pois eu sentín un golpe no tractor pero non lle din importancia e seguín.... Debín mover así o marco ou levalo para sabe Deus onde...

Carolina: Agora si entendo cona!

Carlos: E logo que pa saír da leira co tracto estórbame unha pedra e arrinqueina. Tiña unha forma tan fermosa que decidín levala para a casa, téñoa como soporte para unha planta...

Carolina: Voute esnaquizar eh! Ti non sabes todo o que se armou por todo isto!

Carlos: Perdóeme. Xa me encargo eu de desmentir todo isto! Non me despida por favor.

Carolina: Non tranquilo. O que pasa é que agora vas ter algo menos de traballo.

Carlos: E iso?

Carolina: Vou por á venda a cuadra e as terras que a rodean. Voume ocupar so da casa e da horta. Xa é hora de vivir a miña vida.

Carlos: Paréceme moi ben señora.

Colga o teléfono.

Mario: é certo iso irmanciña?

Carolina: Si xa está ben de estar afogada por todo. Agora vou vivir de verdade. Onde anda Dani?

Dani: Aquí, aquí!

Carolina: Ven aquí meu rei! *Dálle un bico.*

Dani: Xa arranxaches o problema das fincas co avó?

Todos se miran e sorrín.

Dani: É que non entendo porque discutiades tanto se o vou a herdar eu todo, non si? Mirándoos aos dous.

Todos coa boca aberta.

Xan levántase da cadeira. Mira a Carolina.

Xan: Aínda non é tarde para nós Carolina.

Achéganse pouco a pouco e abrázanse.

Mario e María José con Dani nunha esquina.

María José: Agora si que non entendo nada.

Mario: Xa che contarei.

FIN